



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E
XUVENIL GALEGA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

Unidade didáctica para traballar nas aulas

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.





MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Introdución

A literatura infantil e xuvenil galega é de moi recente creación debido a unhas condicións socio-culturais e lingüísticas que impediron a súa eclosión até a segunda parte do século XX. Se a isto lle engadimos a invisibilización sistemática á que se relega a creación artística das mulleres, encontrámonos ante a excepcionalidade de que o Día das Letras Galegas de 2018 se lle dedique a María Victoria Moreno. Por iso, dunha forma didáctica e amena, contextualizaremos os logros das reivindicacións feministas e das asociacións ou colectivos a prol da lingua coa exposición dos contidos teóricos por parte da persoa docente para, a continuación, promover a participación activa do alumnado confrontando estas realidades xa sexa na resolución de dúbidas como no debate colectivo.

Unha vez asentadas as bases para detectar os atrancos que as mulleres creadoras teñen para promover o seu traballo así como as dificultades para expresarse en galego a finais da ditadura e comezos do período democrático, estableceremos o carácter pioneiro e innovador das producións de María Victoria Moreno con procesos de investigación por parte do alumnado xa que, por unha parte, os materiais son máis accesibles e, por outra banda, a literatura infantil e xuvenil é un ámbito próximo ás experiencias vitais da adolescencia.

O xénero, as problemáticas sociais, os enfrontamentos xeracionais, os conflitos, etc, servirán como ferramenta útil para analizar discriminacións ou situacións graves nas que o enfoque interseccional e transversal procuren novas metodoloxías para unha educación máis diversa.



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Seguindo a coeducación como base metodolóxica achegarémonos a discriminacións que atentan contra a lingua, as masculinidades non normativas, o xénero ou a idade para poñer en valor a escrita feita por mulleres e, en concreto, a literatura e o rol pioneiro na sociedade da autora á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, María Victoria Moreno.



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Obxectivos xerais

- Coñecer a autora á que se lle dedica o Día das Letras Galegas e a súa obra.
- Aproximarse ao contexto socio-cultural e económico que permitiu agromar un sistema literario estábel.
- Entender os procesos que levan á orixe dunha literatura.
- Analizar os avances reclamados polos colectivos feministas para a situación das mulleres e polas asociacións e grupos políticos para a lingua.
- Coñecer os axentes que impulsan os cambios sociais
- Explorar a importancia, neste período a estudar, do activismo cultural.
- Reflexionar sobre a situación na que se xeran as primeiras obras da literatura infantil e xuvenil en Galicia.

Obxectivos específicos

- Recoñecer os elementos singulares que converten a María Victoria Moreno nunha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega.
- Identificar aspectos propios da obra de María Victoria Moreno.
- Fomentar a lectura e a manipulación dos textos da autora.
- Distinguir recursos e temáticas que promoven a igualdade, empatía, etc, nun contexto no que non



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

existían estes lugares de referencia para a xente máis nova.



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Metodoloxía

Partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado preténdese asegurar a aprendizaxe significativa de contidos relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas e do proceso de construción da literatura infantil e xuvenil galega, así como o papel das mulleres nesta creación do sistema literario galego. Para isto, é fundamental fomentar a aprendizaxe autónoma a través da experimentación e o xogo lúdico que impliquen o uso de elementos cotiás como as novas tecnoloxías ou os recursos funxibles que impliquen a cultura visual na que se insiren as persoas adolescentes.

Secuencianse as actividades de forma gradativa para espertar o interese do alumnado. Así, comeza a programación coas propostas para a literatura infantil escrita por María Victoria Moreno e da que coñecen os referentes (literatura oral ou clásicos) para ir camiño da literatura xuvenil que xa presenta unha maior complexidade temática e formal.

A través dos xogos foméntase o razoamento indutivo ao tempo que se incentiva tanto o traballo individual como o grupal para conseguir unha actitude dinámica e participativa por parte do alumnado.

Os materiais empregados serán os dicionarios, libros, elementos funxibles, internet, computador, equipo de son e proxector nun espazo que abrangue desde a aula, a biblioteca ou os diferentes espazos do centro educativo, sempre tendo en conta o principio individualizador e de atención á diversidade.

As actividades consisten nun primeiro momento de introdución para, posteriormente, exercer un



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

reforzo do aprendido e chegar a ampliar os coñecementos que permitan seguir construíndo novas competencias.

O procedemento de avaliación será a observación das actividades nas que participa o alumnado así como a revisión dos diferentes exercicios que se propoñen a través dos rexistros tanto escritos como orais sen esquecer a avaliación da persoa docente e da propia programación.



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Actividades

1- Actividade: a II República e as represións no franquismo

Material: ordenador, proxector vídeo e equipo de son

Desenvolvemento: Exposición por parte do docente do contido didáctico e visionado do material necesario da páxina web <http://www.nomesevoces.net/gl/exposicion/vermellas/>

Despois do visionado analízase oralmente:

a) Educación na metodoloxía pedagóxica da Institución Libre Enseñanza que recibe María Victoria Moreno.

Sara Máquez, nai de María Victoria Moreno, era mestra. Ela sempre tivo moi claro que María Victoria Moreno, e as irmás e irmáns, tiñan que estudar. Consequiulles bolsas de estudo e, así cando María Victoria Moreno se matriculou na Universidade Complutense de Madrid, no 1958, para estudar Filosofía e Letras na sección de Filoloxía Románica acede a unha carreira que acadara moita sona porque aplicaba un método educativo derivado das innovacións que se deran antes da Guerra Civil. Non só asistiu ás aulas do profesorado que inicia a filoloxía moderna, como Dámaso Alonso ou Rafael Lapesa, senón que tivo acceso a libros fundamentais e á biblioteca de Universidade que fora dirixida por Joana Capdevielle e era unha das máis innovadoras.

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

E, ademais, reflexiónase sobre as preguntas: influíu a súa educación no desexo de ser mestra e non dedicarse a tarefas domésticas? tiña acceso a libros nesta época de crise económica? Quen era Joana Capdvieille e por que tiña tanta importancia a biblioteca que ela dirixira? coa Guerra Civil e a chegada do réxime mantivéronse os mesmos dereitos para as mulleres?

b) A escolla do galego como lingua propia por parte de María Victoria Moreno asumindo as consecuencias que isto lle implicaría.

1971 foi un ano clave na vida de María Victoria Moreno. Desde este momento non volveu escribir noutra lingua que non fose o galego nin para a xente adulta. O seu compromiso lévaa a participar en cursos de galego, conferencias, encontros, actividades de dinamización, etc e significa a entrada definitiva no mundo cultural galego. O feito de dar aulas de galego en igrexas, ateneos ou asociacións supúxolle á autora que, no 1974, lle retirasen o pasaporte como represalia, se lle abrise unha ficha policial e un rexistro domiciliario.

Proponse unha comparación coa situación actual: hoxe en día pódese falar e dar aulas sen galego libremente? como foi ese proceso de normalización do uso do galego desde o tempo de María Victoria Moreno até hoxe en día?

2- Actividade: o nacemento da literatura infantil e xuvenil galega (LIX)

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Material: cartolina, folios, bolígrafo, tesoiras, cola, cores,...

Desenvolvemento: Visítase a biblioteca do centro. Alí realízanse as seguintes accións:


a) Procúrase entre os libros de LIX os máis antigos. Apúntase o nome do/a autor/a, título e ano de publicación. Posteriormente, xa na aula, farase unha árbore xenealóxica, ou unha liña temporal, na que se van colando segundo o ano de publicación os datos obtidos.

Comentar a cantidade de autoras e autores que encontramos e se é equitativo.

b) Pregúntaselle á persoa encargada da biblioteca, ou realízase unha procura, polos volumes *Polo mar van as sardiñas* de Xohana Torres e *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas. O dous son volumes de 1968 cando comeza a LIX galega. Pudeches encontrar os dous? Só un? Cal? Se só atopaches *Memorias dun neno labrego* poderías explicar por que cal é o motivo polo que un ten máis recoñecemento e o outro non?

O profesorado pode, a maiores, favorecer a manipulación dos libros e realizar un contraste cos libros actuais de LIX para xerar a reflexión sobre os cambios (ilustracións, formato, etc) no obxecto libro.

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

3- Actividade: biografía de María Victoria Moreno

Material: cartolinas, rotuladores, cola,...

Desenvolvemento: Nos diferentes lugares do centro educativo colocaranse cartaces que vaian indicando a seguinte pista até completar a biografía da autora, coa celebración do Día das Letras Galegas 2018, a modo de procura do tesouro.

O docente repartirá pequenas fichas con datos referidos á biografía de María Victoria Moreno a grupos de dúas persoas. Estas serán as encargadas de realizar un cartaz con imaxes e unha pista que conduza ao seguinte, por exemplo:

María Victoria Moreno naceu en Valencia de Alcántara, Cáceres. Esta rexión fronteiriza con Portugal caracterízase pola presenza dunha planta carnívora que se dá nas súas terras.

Pista: procura un lugar con plantas para continuar o xogo.

E, desta forma, imos encetando unha con outra até completar a biografía. Neste entretemento pódense implicar diferentes cursos tanto no seu deseño como na súa execución.

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.



4- Actividade: primeira etapa nas publicacións de María Victoria Moreno. Pioneira na LIX galega.

Materiais: computador, proxector de imaxe e equipo de son.

Desenvolvemento: Dividiranse os contos entre os diferentes grupos de traballo para que realicen a súa lectura e preparen unha concisa presentación dixital que permita ao resto do alumnado comprender conceptos básicos como argumento ou protagonistas. Daráselle especial importancia ás protagonistas femininas, xa que a grande achega á LIX galega que fixo a autora foi a incorporación de personaxes protagonistas femininas activas.

a) Os contos

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

A festa no faiado (1985), *A brétema* (1999), *O cataventos* (1989), *Nico e Miños* (1989), *Querida avoa* (1991), *S.OS.* (1992), *O libro das saudades e os degoiros* (1993), *Pan con chocolate* (1993), *A fuxida* (1994), *¡ Xa non teño medo!* (1998) ou *O grumete* (2004), son contos que se caracterizan estar moi próximos á oralidade, de corte tradicional, influenciados polos grandes clásicos (pero cunha mirada renovada) e neles hai unha grande importancia dos fenómenos meteorolóxicos e do mundo animal. Trátanse temas como a solidariedade, a inxustiza social, a discriminación por xénero ou as situacións conflitivas que derivan dos prexuízos.

A extensión reducida destes contos permitirá distribuír o traballo por equipos para que cada grupo prepare unha breve presentación dixital, a modo de recensión, dos textos. As unidades desenvolvidas serán presentadas na aula para que o resto das persoas participantes coñeza, dunha forma próxima afectivamente ao ser feito o traballo polas persoas compañeiras de aula, a obra da autora no ámbito do relato.

b) *Mar adiante* (1973)

En *Mar adiante* cada personaxe cóntanos unha historia que ten a ver coa solidariedade, a empatía ou o xogo. As narracións populares están na base destas historias e acrecentan a importancia da tradición oral como medio transmisor de coñecemento como nos demostra a "re-escrita" da Carapuchiña Vermella e o conto do lobo bo.

Esta obra supuxo unha revolución no momento de ser publicada

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

(nunha edición de 2500 exemplares e ilustrado pola propia autora) xa que ten unha forma moi propia dos contos de décadas posteriores (oitenta e noventa): estrutura coral (varias personaxes son as protagonistas), diálogo novidoso coa tradición e as pegadas da renovación pedagóxica que xa se avexiñaba; a galeguización do ensino a través de obras escritas especificamente para o público infantil e nun ton divertido ao fuxir da mensaxe didáctica explícita.

Lerase a re-escrita do conto do lobo bo e fomentárase o debate sobre as diferenzas entre a versión tradicional e a presentada pola autora sempre coa interseccionalidade de xénero apoiando as reflexións que xurdan.

5- Actividade: Segunda etapa nas publicacións de María Victoria Moreno. *Leonardo e os fontaneiros*

Material: disfraces e recinto adaptado para a realización da actividade.

Desenvolvemento: Cun sinxelo disface de can (ou maquillaxe) e algúns adobíos para caracterizar as personaxes, esta obra represéntase despois de ler a novela. A persoa docente acompañará as diferentes etapas para servir de soporte na súa representación.

Nesta obra xuvenil, Antón, un rapaz de catorce anos, cóntalle ao seu mellor amigo Leonardo, un can, os conflitos que lle provoca sentirse na adolescencia como a inadaptación na casa e na escola, os límites entre a infancia e a vida adulta, etc.

Este libro supuxo unha novidade enorme tanto pola incorporación á

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

nosa literatura dun realismo que non existía para a xente moza ou uns roles de xénero non habituais como pola forma da escrita. Os capítulos rematan cunha invitación a non seguir as liñas do papel e si a saltar páxinas e encetar saltos temporais. Un xogo e unha diversión que enxergaba xa outras formas narrativas innovadoras máis propias das décadas seguintes.

A temática desta obra (e a sinxeleza dos ambientes) resulta moi interesante para a súa representación tanto nun teatro de aula como nun de maiores dimensións. Non só se fomenta a expresión oral e o traballo en equipo como, tamén, o proceso de recepción en galego como creador de referentes e cun obxecto tan actual como a inadaptación na adolescencia á escola ou na casa.

6- Actividade: *Anagnórise* (1988)

Materiais: ordenador con acceso a internet e extractos da obra.

Desenvolvemento: Proporase un xogo de transmutación no que, a partir de anacos de texto seleccionados da obra *Anagnórise*, se actualizarán as referencias de ocio (o cinema da Xunqueira), as músicas (David Bowie ou os Beatles) ou as referencias culturais (como facer autostop) para realizar unha re-escrita e actualización desta novela.

a) Coa transmutación realízase a aproximación cultural aos referentes expostos na obra dunha forma lúdica e que permite a participación activa do alumnado. Para poder alterar un obxecto artístico é preciso coñecelo previamente e, desta forma, procurar un equivalente. Iso inclúe tamén o propio título.

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

Esta *road-movie* relata os efectos que as drogas teñen sobre as persoas, os prexuizos machistas de Nicolau, as reivindicacións feministas de Xulia,..., estes temas poden transmutarse ou aínda, no 2018, son de plena actualidade?

b) Esta novela foi incluída na lista IBBY. Poderías explicar en que consiste?

7- Actividade: *¿Un cachiño de bica?* (1994), *¿E habrá tirón de orellas?*(1997) e *Eu conto, ti cantas* (2005)

Materiais: os propios libros da autora.

Desenvolvemento: Escolleranse os poemas entre os presentados nestes libros para realizar un pequeno recital poético no que poden participar os demais cursos e facéndoo coincidir coa celebración do Día das Letras Galegas (ou o día anterior cando estean previstos os actos no centro).

As poesías destes tres volumes resultan moi axeitados para recitar grazas ás súas rimas e á reivindicación, tan actual, da defensa dos animais así como pola súa estrutura próxima á oralidade.

8- Actividade: *Guedellas de seda e liño* (1989)

Materiais: computador, proxector, reprodutor de son, follas, lapis e unha parede en branco.

Desenvolvemento: Visualízase a curtametraxe <https://www.youtube.com/watch?v=g1qaGGAHQF0> (ou semellante sobre a violencia intrafamiliar) e propónse realizar unha pequena secuencia de tres ou catro viñetas nas que se exprese algún dos puntos mencionados no vídeo; o que máis lles

MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

chamara a atención.

Como se dunha publicación de banda deseñada se tratase, na parede colócanse as composicións de maneira que se poida facer unha lectura continuada e sen interrupcións. As emocións, deseños, cores usadas poranse en diálogo coa obra *Guedellas de seda e liño* de María Victoria Moreno: as sensacións táctiles opostas expresadas xa no título (seda/liño) ou, por exemplo, as cores dos ambientes (luz/escuridade) para reflexionar sobre a violencia no seo das familias e como cambiar esta situación.

Esta actividade pode complementarse coa gravación dun vídeo no que se recollan as diferentes composicións, e se axunte unha música axeitada ao contido, para promover a súa difusión nas redes sociais.

9- Actividade: María Victoria Moreno. Unha activista cultural, apaixonada e incansable e a prol da lingua galega.

Materiais: Papel kraft, fotografías, rotuladores, cola.

Desenvolvemento: Nun espazo amplo colocárase o papel kraft para facer un mural con imaxes que exemplifiquen o amplo abano de actividades que desenvolveu a autora. Tamén poden ir acompañados dunha pequena frase explicativa.

Non só a escolla do galego e do lectorado infantil foron terreos nos que María Victoria Moreno fixo unha elección e participou co seu compromiso, tamén na situación das mulleres da época. Sendo



MARÍA VICTORIA MORENO. UNHA ESCRITORA PIONEIRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018. Unidade didáctica para traballar nas aulas.

consciente da invisibilidade non dubida en abrir novos camiños. No 1973 pronuncia a conferencia "Galicia vista y sentida por Federico García Lorca" no Casino de Pontevedra e pasa a se converter na primeira muller que pronuncia unha charla neste espazo. Ademais, participou activamente na creación da librería Xuntanza de Pontevedra (na que se podían ler textos prohibidos pola censura franquista), realizou manuais de literatura que supuxeron o primeiro intento de sistematizar a produción literaria galega do momento, publicou unha escolma das persoas escritoras de poesía galega, converteuse en editora da colección Árbore de Galaxia, impulsou o xerme do Pen Clube Galego, traballou intensamente na creación da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, participou nas campañas de normalización e dinamización lingüística ou deu aulas de galego, entre outras moitas cousas.